



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE FEBREIRO DE 2018

LICENZAS

FAVORABLE.-

LIC/331/2017.- GALIVIVIENDA SOCIEDAD COOPERATIVA.- Conceder licenza para a construción de 12 vivendas, garaxes e rochos na parcela BB1 en SUNP11.

CORRECCIÓN DE ERRO.-

LIC/881/2017.- JAVIER REY LÓPEZ.- Rectificar a instancia do interesado a resolución da Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela, da sesión de 15 de decembro de 2017 pola que se concedeu a licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Porto de Amio, 1.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción de 12 vivendas, garaxes e rochos na parcela BB1 no SUNP 11. LIC/331/2017. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á rectificación a instancia do interesado da resolución da sesión de 15 de decembro de 2017 pola que se concedeu a licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Porto de Amio, 1. LIC/881/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación de horario de peche de locais nunha hora solicitado pola Asociación Hostelería Compostela para as festas do Entroido e Semana Santa. Acórdase informar favorablemente da ampliación unha hora do horario de peche dos establecementos de hostalería nas noites que van do 8 ao 18 de febreiro (Festas do Entroido), e nas noites que van do 22 de marzo ao 1 de abril (Semana Santa)

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e informática relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de expedientes AUPAC do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase adxudicar o contrato á empresa Grupo Meana SA, por un importe de 12.895,10 euros, IVE incluído.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á prórroga do contrato de "Servizos para a execución de operacións de conservación, reparacións, pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago". Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Espina y Delfín polo prazo dun ano, a contar desde o 20 de febreiro de 2018. O reparto orzamentario será o seguinte:

- _ Departamento de Educación: 418.000 euros
- _ Servizos xerais municipais: 80.000,01 euros
- _ Casa das Asociacións: 1.000,01 euros
- _ Centros e locais socioculturais: 44.800 euros
- _ Benestar Social: 19.000 euros
- _ Instalacións deportivas: 68.000 euros

6.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa á permuta da caseta da Praza de Abastos número NC144, da titularidade de dona BEATRIZ HERNÁNDEZ MATO, pola número NC304, da que é titular dona MÓNICA HERNÁNDEZ MATO. Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa ao traspaso das casetas da Praza de Abastos números NC305 e NC306, da titularidade de dona MÓNICA HERNÁNDEZ MATO, a favor de dona MARTA PÁJARO VARELA. Apróbase a proposta.

8.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa á transmisión das casetas da Praza de Abastos números NC126, NC127 e NC128, a favor de dona MÓNICA HERNÁNDEZ MATO, por xubilación do seu pai don JUAN HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, titular legal das mesmas. Apróbase a proposta.

9.- Proposta da alcaldía relativa á designación de interventor técnico do contrato de abastecemento e saneamento de auga de Compostela, e a modificación da composición da comisión técnica para a avaliación do mesmo. Acórdase nomear a Ignacio Cerrada, director da Área de Espazos Cidadáns e Urbanismo, como interventor técnico do contrato da concesión do servizo de augas. Acórdase modificar a composición da comisión interna de traballo para o control do servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración, que pasará a estar integrada polas seguintes persoas:

Director da Área de Espazos Cidadáns e Urbanismo e interventor técnico do contrato de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración

Director da Asesoría Xurídica

Directora da Área Económica e de Persoal

Xefa do Servizo de Contratación e Servizos

Xefe do Servizo de Obras

Concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia

Concelleira de Facenda e Persoal

Xefe do Gabinete de Alcaldía

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de ampliación e mellora da plataforma de rodadura do viario de acceso a Lamascal. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 148.511,72 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de dous meses.

2.-Rectificación de erro no acordo da Xunta de Goberno de 17 de xullo de 2017. Apróbase a proposta.